

# PROCESO DE ADMISIÓN EXTERNA CURSO 2024/2025

(DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro)

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/42051>

PROCESO	PERIODO
Reserva de praza en colexios adscritos (ED550A)	Do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro (ambos incluídos)
Listaxe definitiva de alumnado con posto reservado (consulta nos colexios adscritos)	22 de febreiro
Sorteo desempate	Última semana de febreiro
Publicación da previsión inicial de prazas	Antes do 1 de marzo (en Web e taboleiro anuncios)
Presentación de solicitudes de ADMISIÓN EXTERNA (ED550B) <b>OPCIONAL E RECOMENDABLE:</b> Solicitud admisión IES Valadares + Documentación complementaria	Do 1 ao 20 de marzo (a.i.)
Presentación documentación (se hai máis solicitudes que prazas vacantes)	Do 26 de marzo ao 8 de abril
Petición e entrega de documentación complementaria, se é preciso	5 días desde o seu requerimento (do 13 ao 17 de abril)
LISTAXES	
<b>Publicación listaxes provisionais de persoas admitidas</b>	25 de abril
Reclamacións (ante o Consello Escolar)	26 abril – 3 maio
<b>Publicación listaxes definitivas</b> (perda do dereito de permanencia no centro de orixe)	15 de maio
Reclamacións (ante Xefatura Territorial con recurso de alzada)	1 mes a partir do día seguinte ao da publicación das listas definitivas
Perda do dereito de PRIORIDADE	Ver información sobre proceso
ANEAE (Alumnado con Necesidades Educativas de Apoio Educativo)	
Presentación da solicitud	Do 1 ao 20 de marzo
Recepción dos informes das resolucións de Xefatura Territorial	Antes do 24 de abril
Se hai máis solicitudes que prazas	Baremación co resto de solicitudes
MATRÍCULAS	
<b>Ordinaria</b>	Do 23 de xuño ao 7 de xullo
Anulación de matrícula bacharelato	Antes do 30 de abril

## INFORMACIÓN SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN

### Presentación de solicitudes

- As solicitudes (ED550A e ED550B) presentaranse preferiblemente por vía electrónica, mediante o formulario normalizado dispoñible na aplicación informática admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>
- Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente no centro docente indicado en primeiro lugar ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. 2.
- Os formularios normalizados de solicitude e de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora tamén estarán accesibles:
  - Na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>
  - No portal educativo no enderezo <https://www.edu.xunta.gal/portal/>
  - Nas dependencias dos centros docentes.

1º. Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren.

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse **expresamente**, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

2º. O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.

3º. En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.

A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.

## Transporte escolar

Para alumnado da zona de influencia, con domicilio a unha distancia superior a 2 kilómetros do centro educativo e matriculado na etapa de EDUCACIÓN OBRIGATORIA.

Normativa:

- Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres (BOE 31/07/87) *Texto consolidado, 29 de setembro de 2018*
- Real Decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores (BOE 02/05/01). Modificado polo Real Decreto 894/2002, do 30 de agosto, (BOE 31/08/02). *Texto consolidado, última modificación 5 setembro 2006*
- Instrución conxunta 1/2023, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sobre a xestión do servizo do Transporte de escolares no curso escolar 2023-2024.

## Este centro NON DISPÓN de servizo de COMEDOR

A ADMISIÓN e a MATRICULACIÓN nun centro docente público implicará respectar o seu proxecto educativo .

Toda a información a alumnado e familias sobre este proceso poderá ser consultado na aplicación admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>)

En Vigo, a 1 de febreiro de 2024.

A directora:



Patricia Mena Piñeiro

